

INFORMACIÓN ALUMNADO ED. PRIMARIA CURSO 19-20

En Galicia, o ensino e avaliación na Educación Primaria están regulados polo Decreto 105/2014 de 4 de setembro, e a Orde de avaliación do 9 de xuño de 2016. A continuación, indícanse os aspectos relativos á **obxectividade da avaliación do alumnado**.

Orde de 9 de xuño de 2016. Artigo 9. Obxectividade da avaliación

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros, ao inicio do curso, adoptarán as medidas precisas para **informar ao alumnado e ás familias acerca dos contidos e dos criterios de avaliación, dos estándares de aprendizaxe, das estratexias e dos instrumentos de avaliación, así como dos criterios de cualificación e promoción.**

Contidos: “Conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias”.

Criterios de avaliación: “Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias”.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis: “Concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina”.

Exemplo para Matemáticas en 1º de primaria:

CONTIDOS	CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE
Números naturais ata o 99. Nome e grafía dos números ata o 99. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.	Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 99. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.

COMPETENCIAS EN ED. PRIMARIA

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Traballaranse especialmente a CCL e a CMCT, segundo se recolle no Decreto 105/2014.

As competencias avalíanse ao final de cada curso escolar. Esta avaliación aparecerá no boletín de notas de final de curso.

Estratexias e instrumentos de avaliación:

Usarase principalmente a **observación directa e a análise dos traballos realizados polo alumno**: libro de texto, fichas, participación en proxectos... Para recoller a información de cada alumno/a, cada mestre levará unha ficha de rexistro individual de cada alumno. A valoración deste traballo terá un valor dun 90% da nota final. Esta porcentaxe divídese nun 30% para o libro de texto, un 30% para os traballos con material complementario ao libro de texto e un 30% á valoración de outros aspectos presentes no currículo actual: cooperación, esforzo, actitude positiva, iniciativa persoal...

Criteria de cualificación e promoción:

*“O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os **obxectivos** que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o **grao de adquisición das competencias** correspondentes”.*

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor”.

Para levar unha cualificación positiva nunha área, **o alumno/a debe de acadar o 50% dos criterios de avaliación** propostos para o curso, segundo o establecido no Decreto 105/2014. Para considerar que o criterio de avaliación está superado débese superar máis da metade dos estándares de aprendizaxe establecidos para cada criterio.

Valorarase o logro destes obxectivos e competencias **analizando o grao de cumprimento dos criterios de avaliación en cada unha das áreas**.

A **cualificación final de cada área** será a do último trimestre.

En base ás cualificacións do alumnado nas áreas instrumentais e ao seu progreso decidirse a promoción de curso do alumno/a. Darase especial importancia ás áreas instrumentais: Linguas (galega e castelá) e Matemáticas.

Decreto 105/14. Disposición adicional terceira. *Tarefas extraescolares*

*Os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, procurando o desenvolvemento das competencias clave do alumnado **segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe**, e atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.*

*Promoverase a participación activa das familias na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con **respecto aos tempos de lecer do alumnado**. Ao tempo fomentarse a **responsabilidade do alumnado** na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.*

A decisión sobre o uso das tarefas extraescolares será competencia de cada mestre/a, tendo en conta o disposto ao respecto no Decreto 105/2014, con especial consideración á progresividade ao longo da etapa e ao respecto aos tempos de lecer do alumnado.

Segundo o recollido nas programacións didácticas, valorarase a realización destas tarefas na nota final de cada trimestre nunha porcentaxe do 10%.